

Abril 2011

A CIG informa ao conxunto do PDI que no Diario Oficial de Galicia de hoxe, xoves 14 de abril, sae publicado o **II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades galegas**

Entre as novidades máis destacadas que foron incorporadas neste convenio, a petición expresa de CIG, atópase a introdución dunha Disposición Adicional na que se contempla a extensión ao PDI contratado de calquera mellora que afecte á carreira académica do PDI funcionario, e que veña motivada por cambios que se podan producir na normativa de ámbito estatal ou autonómico.

Como xa lembramos en anteriores ocasións, outros avances acadados no marco desta negociación, e nos que a CIG tivo un papel impulsor, foron os seguintes:

- Ampliación do ámbito persoal do convenio, contemplando figuras que anteriormente quedaban excluídas. Deste xeito, xunto ao persoal laboral contemplado na LOU e no Decreto 266/2002 de contratación de profesorado universitario, inclúense outras figuras, tales como o persoal investigador contratado no marco de convocatorias e programas internacionais, estatais ou autonómicos, así como ao persoal investigador en formación contratado en réxime laboral no marco de convocatorias ou programas propios equivalentes así como o previsto no estatuto do persoal investigador en formación.
- Como filosofía de fondo nas negociacións, CIG sempre tivo como horizonte que o PDI contratado tivese un trato equiparable ao PDI funcionario. Este empeño vese reflectido nos compromisos acadados en materia retributiva (estrutura salarial, complementos,...) e de condicións de traballo.
- Acadouse un compromiso por parte das universidades para negociar plans de estabilización dos investigadores contratados.
- Conseguiuse tamén un compromiso das universidades de mellora retributiva para certas figuras (axudantes e axudantes doutores)
- CIG insistiu tamén nun aspecto transversal ao que non podía renunciar, que é o compromiso coa lingua propia, e que apenas tiña presenza na redacción do anterior convenio. Así, aínda que presionando en solitario, conseguíuse que as tres universidades se comprometesen a adoptar as medidas necesarias para que os profesores contratados adquiran o coñecemento da lingua galega.
- Amplíanse e mellóranse aspectos relativos a vacacións, permisos e licenzas; recollendo as mellores posibilidades que ofrecen as diversas regulacións existentes.

COMPROMISO NA DEFENSA DA UNIVERSIDADE PÚBLICA GALEGA CIG